

Acertadas referencias

Con salientable madurez

PAULA FERNÁNDEZ

O paso da literatura de adultos á infantil nunca é doado e no caso da poesía, pola maior complexidade formal e conceptual que implica, así como pola necesidade de posuír certas destrezas no que atinxe á abstracción, aínda menos. A poesía infantil esixe tamén que os autores se liberen dalgúns pre-conceptos adquiridos tras moito tempo de absoluto e único recoñecemento pola de adultos. No momento que quedan libres, descubren un universo inmenso onde paga a pena traballar cos cativos e as cativas, pois estes reciben mesmo mellor ca os adultos as súas composicións, de maneira que evidencian a idoneidade de que os nenos lean versos ben escollidos segundo sexa a franxa de idade. Esta resposta levou a unha chea de autores, novos e non tan novos, a achegarse a este público, tan

esixente coma agradecido.

Nesta nova xeración de literatos atópase Rafa Villar que, se ben xa tiña algunhas obras publicadas e un vínculo estreito coa poesía, es-

te ano vén de se mergullar por primeira vez no mundo infantil grazas á publicación do seu poemario *Acuarelas*, unha colección de poemas compostos as máis das veces por pe-

quenas estrofas que alternan os dous tipos de rima e recrean motivos familiares e cotiáns que lle valen ao autor para nos amosar un universo cromático e marabilloso, cheo de aventuras, anécdotas e pequenas reflexións de máis fondura, que rematan de dar forma a un completo exercicio poético. Unha obra completa pola súa corrección poética –unha morea de re-

cursos enriquecedores, anáforas, aliteracións, comparacións, metáforas, paralelismos, onomatopeas ou xogos de palabras proporcionánlle fermosura e mais pola súa variedade temática –que conxuga a ilusión polo fantástico cos medos e as pantasma do pensamento que a cotío penetran nos nosos soños. Variedade que reflicte o ritmo de cada poema, o ton máis ou menos grave escollido segundo a fondura do tema.

E tamén incidindo nesta idea de obra poética redonda: a metalingüística e a acertada referencia a Manuel María, que simboliza o popular como o primeiro chanzo para a futura comprensión da poesía, xunto a unha chiscadela ao Enriquillo de Arremecághona's producións que representa o amor e o respecto pola lingua.

Os devanditos trazos xunto ás ilustracións de Kristina Sabaitte conforman unha obra de salientable madurez pensada dende o primeiro verso para os máis cativos.

VILLAR, Rafa, *Acuarela Sabaitte*, Ed. Galaxia. Vigo, 2009, PVP 8 €

